

ANEXO: Solicitud de participación na V convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2023)

Centro propoñente: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Denominación da práctica: Aula profesional ECOADE
Procesos do SGC implicados: PC-03: Apoio a estudiantes
Datas de desenvolvemento da práctica: Planificación: Na memoria de calidade do centro do curso 20-21, formulouse como acción de mellora o xerme da Aula profesional ECOADE que implicaba a realización dos primeiros ciclos de conferencias e cursos (AM-9). Na memoria de calidade 21-22, formulouse como acción de mellora a formalización desas actividades na denominada Aula Profesional ECOADE (AM-1). Implantación: En activo dende o curso 21-22. Avaliación: Nos cursos seguintes á implantación. Axuste e mellora: Cada curso revisase a programación en función da información e satisfacción recollida dos diferentes grupos de interese.
Breve descripción da práctica: A Aula Profesional ECOADE oferta actividades de formación ao alumnado dos graos e dos másteres que se imparten na facultade. Nos seguintes enlaces pode consultarse a programación realizada para o primeiro cuatrimestre do curso 23-24 e para o segundo cuatrimestre do curso 22-23. https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/aula-profesional https://acortar.link/LKVBFW Como consecuencia de diferentes consultas realizadas aos diferentes grupos de interese da facultade e, específicamente ao estudiantado, aos/as egresados/as e ao comité consultivo, detectáronse carencias nos programas formativos do centro que era preciso cubrir a través de actividades complementarias á docencia formal e que, nalgún caso, poderán ser incorporados aos plans de estudos nos procesos de modificación. Entre as carencias detectadas por estudiantado e egresados/as, figuraban a necesidade dun maior coñecemento de Excel e outras ferramentas de análise de datos, maior formación no uso de ERPs, ou a necesidade de afondar no coñecemento das realidade profesional das diferentes áreas funcionais da empresa ou das institucións. Partindo da información recollida, o desenvolvemento do aula profesional foi debatido co comité consultivo da facultade nas xuntanzas realizadas en 2021 e 2022. https://acortar.link/eBAdDB https://acortar.link/5lspj8 Na memoria de calidade do centro do curso 20-21 formulouse como acción de mellora o que sería a orixe da Aula profesional ECOADE en forma da realización dos primeiros ciclos de conferencias e cursos (AM-9). Na memoria de calidade 21-22 formulouse como acción de mellora a formalización desas actividades na denominada Aula Profesional ECOADE (AM-1). Entre as actividades que recolle a Aula Profesional ECOADE figuran as seguintes: <ul style="list-style-type: none">- Ciclo de conferencias Aprendendo das empresas e institucións: Trátase dun conxunto de conferencias que se programan por cuatrimestre impartidas por profesionais da empresa ou do ámbito público para achegar ao alumnado ao mundo profesional. Nos seguintes enlaces pode consultarse a programación de conferencias para o primeiro cuatrimestre do curso 23-24 e para o curso 22-23: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/aula-profesional https://acortar.link/7zwnjU- Cineforum: Empresa, economía e sociedade. O obxectivo desta actividade é o fomento da reflexión sobre cuestións relativas á empresa e á economía e que teñen un impacto na sociedade, a través do cine nun ambiente informal. Nos seguintes enlaces pode consultarse a programación do ciclo de cine para o curso 23-24 e 22-23: https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7122633905152667648 https://acortar.link/QcKJDC <p>Talleres sobre elaboración do correo de presentación e do curriculum vitae, sobre procesos de selección, sobre o uso do linkedin como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade...</p> <ul style="list-style-type: none">- Talleres sobre ferramentas de office 365: Excel, Power Bi, Word...- Curso sobre “R”, ERP (Libra), sinatura dixital....

Breve avaliación da eficacia da práctica:

A valoración recibida nas xuntanzas co comité consultivo e con egresados/as foron moi positivas. Adicionalmente, nos cursos de maior duración realizanse enquisas de satisfacción coa docencia. A satisfacción global cos cursos realizados foi dun 4.4 nunha escala 1-5.

No seguinte enlace pode consultarse o modelo de enquisa realizada:

<https://acortar.link/2NgFNT>

A asistencia ás diferentes actividades planificadas foi moi positiva, achégase como evidencia as novas de linkedin publicadas en relación con algunha das actividades do curso 23-24.

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7127993860596584450>

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7133137380324106240>

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7117898780410019840>

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7115371477943656448>

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7113104356538744832>

No caso do ciclo de conferencias Aprendendo das empresas e institucións, ao longo do curso, desenvólvense 10 sesións de 2 horas de duración cada unha en horario dos mércores de 12h a 14h (horario no que a maioria do alumnado non ten clases xa que está reservado na Facultade para actividades extraacadémicas). O alumando terá que asistir as conferencias previstas (20h) e elaborar un dossier relativo ás mesmas (5h de traballo autónomo). Pola asistencia a este ciclo o alumnado recibe un crédito ECTs.

No caso do ciclo de cine, proxéctanse 8 películas ao longo do curso e realiza un coloquio posterior. Para cada coloquio, cóntase cun/unha profesor/a da facultade que introduce o tema e organiza o debate. Ao finalizar o ciclo, o alumnado matriculado debe presentar unha memoria do curso. Ao igual que no caso do ciclo de conferencias, pola asistencia a este ciclo o alumando recibe un crédito ECTs.

Adicionalmente, o alumnado recibe un diploma acreditativo dos cursos da Aula Profesional realizados. O modelo de diploma pode consultarse no seguinte enlace:

<https://acortar.link/0FZ12t>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROMINA GARCIA CHAS, NIF ***9963**, 22/01/2024 14:14:32.

CSV: D848-3260-485E-803C